

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 19 de setembro de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucía Molares Pérez  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

**NON ASISTEN:**

D. José Manuel Iglesias Carrera

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezanove de setembro de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora xeral, Sra. Guarner González, e o Titular da asesoría xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1151).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do vintenove de agosto de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1152).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/628/301, 23/751/301.**

Examinadas as actuacións do expedientes e de acordo cos informes propostas do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola Delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local accorda dar de alta no Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Cristina Guimeráns Rodríguez. Expte. 03/628
- D<sup>a</sup> Pilar Iglesias Mariño. Expte. 23/751.

**3(1153).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN CONOCE VIGO A GOLPE DE PEDAL DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A IV MARCHA EN BICICLETA “VIGO A GOLPE DE PEDAL” OS DÍAS 24 E 25 DE SETEMBRO. EXPTE. 5485/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.08.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a Asociación de amigos da bicicleta A Golpe de Pedal a desenvolver unha xornada de Educación Vial no casco vello de Bouzas, nun circuíto formado polas rúas San Miguel, Eduardo Cabello, Alfolíes, dos Reis, Sebastián Elcano, Pza. de Urzaiz, do Pazo, do Santo Cristo, de Santa Ana, Cayetano P. Lima, Ramón Antonio Álvarez, Pza. Diego Santos, Alameda Suárez Llanos e rúa dos Pescadores, entre as 16:00 h. e as 20:00 h.

2º.- Autorizar a asociación de amigos da bicicleta A Golpe de Pedal a desenvolver a marcha ciclista popular “Coñece Vigo a Golpe de Pedal” que comezará cunha concentración dos participantes na Pza do Rei as 10:00 h. e saída as 11:00 h. para percorrer as rúas Venezuela, Pizarro, Trva. de Vigo, Bos Aires, San Xurxo Badía, García Barbón, Policarpo Sanz, Pza. da Princesa (avituallamento), Pi i Margall, López Mora, Pza. de América, Avda. Castela, Tomas Paredes, Tomas A. Alonso, Pza. Eugenio Fadrique, Beiramar e chegada a Pza. do Berbes.

3º.- A asociación de amigos da bicicleta A Golpe de Pedal deberá ter un seguro de Responsabilidade Civil e outro de Accidentes consonte co artigo 14 do anexo II do RD 1428/2003 de 21 de novembro (BOE 23 de decembro de 2003).

**4(1154).- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE RENOVACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA PRÓRROGA DAS CONTRATACIÓNS DAS TÉCNICAS LOCAIS DE EMPREGO. EXPTE. 3417/077**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.09.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*No marco dos programas de cooperación da Xunta de Galicia coas entidades locais (a través primeiro da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, logo da de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, actualmente de Traballo), no Concello de Vigo veñen prestando os seus servizos distintos traballadores que, primeiro baixo a denominación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local -AEDL- (dende o ano 1997 ata finais do ano 2000) e posteriormente baixo a denominación actual de Técnicos Locais de Emprego -TLE-, adscriben as súas actividades ao Servizo municipal de Desenvolvemento Local e Emprego. Na actualidade son tres as técnicas locais de emprego que traballan no citado departamento (dende o 28/12/00, dúas técnicas locais de emprego, ás que se lle sumou outra dende o 28/12/04).*

*Debido ao volume de actividades que dende o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego se está a desenvolver, prestando un servizo de calidade para o cidadán que busca unha oportunidade de negocio ou unha saída a súa*

situación de desemprego, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, considérase necesario solicitar subvención para prorrogar a contratación destas tres traballadoras, no marco da Orde do 1 de agosto de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a contratación de técnicos locais de emprego no ámbito da colaboración da Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2005. As labores das tres técnicas centraranse, como ata o de agora, no eido da identificación de novas actividades económicas locais, prospección de recursos ociosos e no estímulo das oportunidades de creación de tecido empresarial, no ámbito local, entre promotores e posibles emprendedores/as, supoñendo, o seu traballo, unha parte fundamental das actividades do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE) que o Concello de Vigo promove en coordinación coa Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

A duración das prórrogas para as que se quere solicitar subvención sería de un ano (entre o 28/12/05 e o 27/12/06).

As características económicas das prórrogas serán as seguintes (segundo o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, para Técnicos e xestores, na categoría de titulado medio), tendo en conta que a subvención solicitada será diferente para as TLE que levan máis tempo (segundo o establecido no Artigo 4º.3.b) da Orde de 01/08/05: ata o 30% dos custos laborais totais) da solicitada para a que supón primeira renovación (segundo o establecido no Artigo 4º.1.b) da citada Orde: ata 80% dos custos laborais totais):

PRÓRROGAS segundo 4º.3.b)	Salario mes	Prorrateo paga extra	Cotiza. SS empresa	Custo total estimado mes	Custo total estimado ano	Subvención Xunta (30 %) (*)	Aportación Concello (70 %)
1 TLE	1.445,58	240,93	544,57	2.231,08	26.772,96	8.031,89	18.741,07
2 TLE					26.772,96	8.031,89	18.741,07
PRÓRROGA segundo 4º.1.b)	Salario mes	Prorrateo paga extra	Cotiza. SS empresa	Custo total estimado mes	Custo total estimado ano	Subvención Xunta (80 %) (*)	Aportación Concello (20 %)
1 TLE	1.445,58	240,93	544,57	2.231,08	26.772,96	21.418,37	5.354,59

TOTAL	Salario mes	Prorrateo paga extra	Cotiza. SS empresa	Custo total estimado mes	Custo total estimado ano	Subvención Xunta (*)	Aportación Concello
3 TLE					80.318,88	37.482,15	42.836,73

(\*) Estas porcentaxes da subvención da Xunta están baseadas na interpretación do estipulado na orde do 1 de agosto de 2005, xa que, aínda que con cambio de titulares, esta subvención xa se ven recibindo dende o ano 97 e dende a Consellaría considérase que o Concello de Vigo recibe cofinanciamento para estes postos dende fai máis de 6 anos.

Por todo o exposto e en base á documentación que se inclúe no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguinte acordo:

1. Aprobar a memoria para o desenvolvemento de accións das técnicas locais de emprego, que se achega no expediente.

2. Solicitar á Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (actual Consellería de Traballo) da Xunta de Galicia a subvención total de 37.482,15 euros para prorrogar por un ano os contratos das tres técnicas locais de emprego, adscritas actualmente á Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, de acordo co establecido na Orde de 01/08/05.
3. Consignar, nos presupostos municipais do ano 2006, unha partida nunha contía mínima de 42.836,73 euros para o cofinanciamento municipal destes contratos, no caso de seren aprobadas as solicitudes de subvención pola cantidade solicitada.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1155).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “PONTENOVA-FREIXEIRO” PARA FINANCIAR O ALUGAMENTO DO LOCAL SOCIO-CULTURAL PARA O ANO 2005. EXPTE 2499/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 30.07.05, conformado pola Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, que di o seguinte:

1º.- O Concello de Vigo a través da Concellaría de Participación Cidadá e dentro das medidas de fomento do asociacionismo, e como complemento da súa propia actividade, asume a tarefa de proporcionar unha sede digna a todas as asociacións veciñais do termo municipal, que lles permita dispor dun elemento básico referencial e aglutinador da súa vida socio-cultural, acometendo directamente a construción de locais e a súa posterior cesión ou financiando o alugamento vía subvención, ou ben directamente mediante transferencia de capital naqueles supostos nos que sexa imposible acadar outro xeito de levar a cabo esta prestación.

2º.- Un exemplo do anterior o constitúe a parroquia de Freixeiro, cunha poboación preto de 5.989 habitantes e cunha carencia total de equipamentos cívicos e sociocomunitarios; o que se tratará de paliar en breve .

3º.- Por acordo da Comisión de Goberno de data 07.06.99, concedeuse unha subvención con destino ó pagamento do aluguer do local social, da Asociación de Veciños “Pontenova Freixeiro”, renovándose o outorgamento de subvención, por acordo da Comisión de Goberno de datas 11.06.01, 15.04.02, 05.05.03 e 31.05.04.

4º.- Por escrito da data de entrada no Rexistro Xeral de 22.02.05 (doc. 50018248), a Asociación de Veciños “Pontenova Freixeiro”, solicita subvención para o ano 2005, polo importe total de 2.885€, que permita transitoriamente paliar as anteriores carencias, propoñendo o alugamento dun local na rúa Pastora, 47-baixo da parroquia de Freixeiro.

5º.- A devandita asociación de veciños atópase inscrita no Rexistro municipal de asociacións co número 3/87, coa súa documentación actualizada, e igualmente segundo certificación da Tesourería municipal de data 16.05.05, que se achega ó expediente, non ten débedas pendentes con este Concello.

6º.- Conforme o estipulado pola disposición transitoria segunda da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, a actual axuda regularase pola normativa vixente do Regulamento de subvencións aprobado por acordo plenario de data 30.11.88 e 30.03.89 o cal resultará de aplicación en todo o que non contradiga o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004 e Bases de Execución do Presuposto do Concello de Vigo.

Por todo isto, e de conformidade co establecido na lexislación vixente, Regulamento de Facendas locais e normativa complementaria, proponse á Xunta de Goberno, previo informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

“Conceder á Asociación de Veciños “Pontenova Freixeiro”, CIF.G-36641710, unha subvención pola contía de 2.885 € pagadoira en doce mensualidades vencidas de 240,42€, para financiar o custo do aluguer do local socio-cultural da citada asociación veciñal para o ano 2005, con cargo á partida 4631.489.00.04 do vixente orzamento”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(1156).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, POR CONCURSO, DAS OBRAS DA FASE 1 DE ARRANXO E SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍAS EXTERIORES DO EDIFICIO DA CASA DAS ARTES. EXPTE. 3116/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de obras da fase 1 de arranxo e substitución de carpinterías e persianas do edificio da Casa das Artes, redactado polo arquitecto Sr. Varela Alén, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, asinado polo xefe de negociado de Contratación o 26.08.05; visto o informe xurídico do 13.09.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado, do 26.08.05, conformado polo concelleiro de Cultura e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o proxecto de execución das obras da fase 1 de arranxo e substitución de carpinterías e persias do edificio da Casa das Artes do concello de Vigo redactado polo Arquitecto D. Jose L. Varela Alén.

2º.- Autorizar o gasto de 99.331,12 euros para a execución do proxecto da fase 1 de arranxo e substitución de carpinterías e persias do edificio da Casa das Artes do concello de Vigo que están consignados na partida 4510.632.00.00 do presuposto do ano 2005.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto das obras da fase 1 de arranxo e substitución de carpinterías e persias do edificio da Casa das Artes do concello de Vigo.

4º.- Convocar o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **7(1157).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

a) MDC INGENIERÍA S.L.. EXPTE. 837/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 5.09.05 e de acordo coa proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 09.09.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MDC Ingeniería, S.L., a fianza de 1.274,15 euros, constituída para responder da reparación estrutural do vehículo PO-6193-AV, xa que foi executada conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer lo prazo de garantía.

b) ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS S.A. EXPTE. 845/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 5.09.05 e de acordo coa proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 09.09.05, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a Algoritmos Procesos e Diseños, S.A., a fianza de 1.012,73 euros, constituída para responder da subministración de equipos informáticos para asociacións cívicas, xa que foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer lo prazo de garantía.

**8(1158).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ANGELES AMIGO ESTÉVEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 14576/240. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 12.09.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, que di o seguinte:

*Mapfre Mutualidad interpón recurso de reposición, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de agosto de 2005, en nome e representación de M<sup>a</sup> Angeles Amigo Estévez, contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2005, na que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por esta en data 25 de setembro de 2001.*

*Consonte o artigo 117 Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo para a interposición do recurso de reposición é de un mes, se o acto fose expreso. Dado que a resolución recorrida lle foi notificada á recorrente en data 13 de xullo de 2005, a presentación do escrito de recurso en data 23 de agosto resulta extemporánea.*

*Por outra banda, o artigo 32.3 da mesma lei establece que “Para formular solicitudes, entablar recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome de outra persoa, deberá acreditarse a representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado” e, no presente caso, non consta que a Sra. Amigo outorgase a súa representación a Mapfre Mutualidad por ningún dos citados medios.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Desestimar o recurso de reposición interposto por Mapfre Mutualidad, en nome e representación de Dna. M<sup>a</sup> Angeles Amigo Estévez, contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2005, mantendo firme a resolución impugnada, por tratarse dun recurso extemporáneo de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1159).- RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ELISA ROSENDO ESTÉVEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 41/243. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 7.09.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Elisa Rosendo Estévez, presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de 23 de xaneiro de 2004, no que expón que o día 16 de setembro de 2003, ás 13:20 horas, camiñaba pola rúa Pi y Margall e, á altura do nº 72, meteu o pé nunha baldosa rota e en mal estado, caendo ó chan e producíndose diversas lesións.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose entre outros os seguintes trámites:*

- Parte do servizo da Policía Local, de 16/09/2003, no que os axentes actuantes declaran acudir ó lugar dos feitos a requirimento da reclamante que manifesta ter caído, e recollen os datos dunha testemuña presencial dos feitos.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de 26/07/2004, manifestando que “a zona en mal estado é visíbel a longa distancia e evitábel gardando a dilixencia debida”.*
- Citouse a testemuña presencial dos feitos para a práctica da proba testifical, a cal non se realizou por incomparecencia da testemuña.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 15/07/2005.*

#### *Fundamentos de dereito:*

*Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común:*

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizada en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- c) Que non sexa produto de forza maior*

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público corresponde á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Nesta liña, citouse á testemuña presencial dos feitos para a práctica da proba testifical en data 14 de outubro de 2004 e ante a súa incomparecencia, foi citada de novo en 25 de febreiro de 2005, e tampouco compareceu. Aínda que a reclamante considere os feitos probados polos datos que constan no parte do servizo da Policía Local, o certo é que os axentes acuden ó lugar da presunta caída a instancia da sra. Rosendo e con posterioridade á mesma, polo que non son testemuñas presenciais da mesma e límitanse a recoller as manifestacións da reclamante. O feito de que no parte policial conste a existencia dunha louseta rota non proba que esta fose a causa eficiente da caída. Á vista destes datos, a informante estima que, aínda que non existe dúbida de que a sra. Rosendo caeu e se produciu determinados danos, tal como consta nos partes médicos obrantes no expediente, non existe proba ningunha no mesmo que relacione a caída coa louseta rota, polo que non é posíbel vincular os danos ó funcionamento do servizo público municipal.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Elisa Rosendo Estévez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1160) RECLAMACIÓN DE D<sup>a</sup>. ADELA MARIÑO CARIDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 125/243. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación do 7.09.05, conformado pola xefa da Area de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

*Dona Adela Mariño Caride presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de marzo de 2004, solicitando unha indemnización polos danos e perdas ocasionados por mor dunha caída sufrida o día 28 de marzo do mesmo ano, no Paseo do Calvario, entre a Cafeterría Alaska e o comercio Mariel, ó tropezar cunha louseta que estaba afundida.*

*A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:*

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 29/03/2004, no que se fai constar a existencia dunha louseta rota na beirarrúa.*
- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 31/05 e 22/06/2004, manifestando que o pavimento está en perfecto estado de conservación e que o punto máis cercano onde romperonse lousetas e*



procedeuse a súa reparación foi fronte a cafetería Macumba e a rúa Portela, máis abaixo non se ten constancia de ningunha peza rota.

- Proba testifical, en data 19/10/2004, á testemuña presencial dos feitos que manifesta que “las losas estaban hundidas y no se puede ver a distancia porque las piedras son casi todas iguales”.
- Dictame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, de data 30/12/2004, cuantificando os mesmos en 1.307,57 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 24/01/2005, manifestando a súa disconformidade coa valoración médica que consta no expediente e solicitando unha indemnización de 4.443,57 euros.

#### *Fundamentos de dereito:*

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor, dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, conséntase no expediente o deficiente estado da beirarrúa. Tal circunstancia, a xuízo tanto dos axentes da Policía Local que acudiron ó lugar do accidente a instancia da reclamante, como da testemuña presencial da caída, entraña un risco especial para os viandantes, e non é visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, aén empregando a dilixencia esixíbel como concreción da regra do control da propia deambulación.

A reclamante, no seu escrito de alegacións en trámite de audiencia, manifesta a súa disconformidade coa valoración médica que consta no expediente, pois na mesma, ante a falta de achegar os partes de baixa e alta médica, o Dr. Guillén considera que, polas lesións que presentou a lesionada, 47 días de baixa son suficientes para a súa recuperación. A sra. Mariño achega unicamente un informe de asistencia no servizo de urxencias do Hospital Meixoeiro do día do accidente, 28 de marzo de 2004, un parte de consulta do seu médico de familia de data 15 de abril do mesmo ano e un certificado médico emitido polo mesmo médico, en data 2 de xullo de 2004, no que se reflecten os anteriores datos, mais sen especificar que a paciente permanecese de baixa médica ata esta data, como

alega a mesma, dato que tampouco se xustifica documentalmente cun parte de alta médica, polo que a informante estima axustada a valoración efectuada pola nosa asesoría médica.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por dona Adela Mariño Caride, e indemnizála coa cantidade de 1.307,57 euros”.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1161).- SOLICITUDE DO COMITÉ DE PERSOAL DE AMPLIACIÓN DE DOUS DÍAS POR ASUNTOS PROPIOS POR COINCIDIR OS DÍAS 24 E 31 DECEMBRO EN DÍAS NON LABORAIS, AO ABEIRO DA ORDE DO MAP APU/1818/2005. EXPTE. 15979/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta da xefa da Area de Réxime Interior do 08.09.05, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Por dilixencia do concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, de data 2 de setembro actual, remítese a solicitude á que se fai referencia, para que a que se emita o informe-proposta, e en cumprimento da mesma emítese o seguinte:*

#### **INFORME**

Primeiro.- A solicitude do Comité de Persoal de engadir dous días máis dos que xa disfruta o persoal do concello, ampárase na Orde do Ministerio de Administracións Públicas APU/1818/2005, de 15 de xuño, publicada no BOE o día 16 seguinte, na que se introducen melloras nas condicións de xornada e horarios de traballo do persoal civil ó servizo da Administración Xeral do Estado, que dí no seu apartado “segundo.- Compensación de festivos.- Os calendarios laborais incorporarán dous días adicionais de permiso por asuntos propios cando os días 24 e 31 de decembro coincidan en festivo, sábado ou día non laborable”

*Dita orde trae causa dos acordos acadados entre a Administración Xeral e as organizacións sindicais asinantes do “Foro para o diálogo social das administracións públicas” e coa finalidade, moi loable, de ampliar as facilidades de conciliación da vida familiar e laboral dos empregados públicos.*

Segundo.- Os traballadores do concello, na materia que nos ocupa “vacacións e permisos” vimos disfrutando, entre outros, dun permiso retribuído de 9 días ó ano por asuntos pessoais, permiso previsto no art. 70-3 da lei 4/1988, da función pública galega (segundo modificación por lei de 10 de abril de 1995, núm. 3/95) e especificamente contemplado no art. 16-B), do acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de 28 de decembro de 1998 (BOP de 11 de marzo de 1999).

*No articulado de dito acordo regulador xa está contemplada e exprexamente regulamentada a posibilidade de que os días 24 e 31 de decembro coincidan en días non laborais, ó establecerse literalmente no art. 16-B, apartado a):*

“Os días 24 e 31 de decembro.

No caso de coincidir en días inhábiles para os efectos laborais, a xornada o día inmediatamente anterior hábil finalizará tres horas antes. Nos horarios especiais tamén se incluíra a dita redución. No caso dos servizos que non poidan finalizar a súa xornada antes da hora normal, a finalización anticipada cambiarase por unha redución de xornada de catro horas.

Os empregados que por necesidades do servizo teñan que traballar entre as 10,00 horas do día 24 e as 15,00 horas do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro, aboaráselle como compensación a cantidade de 16.000.- ptas.

No caso de que o traballo se preste en quendas o horario concreto adaptarase de forma que comprenda a quenda de noite do primeiro dos días e a quenda de mañá do segundo deles.”

Terceiro.- En consecuencia, resulta obvio que o permiso por asuntos personais, en compensación polos días 24 e 31 de decembro, previsto na Orde do Ministerio de Administracións Públicas, é máis beneficioso para os traballadores que o contemplado no acordo regulador dos traballadores do concello, polo que a fin de compatibilizar os lexítimos dereitos dos traballadores cos intereses xerais ós que serve a administración pública, e en aplicación da norma máis favorable (permiso máis amplo) a xuízo da asinante se se accede á petición do Comité, de ampliar en dous máis os días por asuntos propios, debería ser en substitución da redución da xornada en tres horas dos días hábiles inmediatos anteriores, que se viñan disfrutando cando os días 24 e 31 de decembro coincidían en non hábiles a efectos laborais.

Cuarto.- En canto á competencia para a adopción do acordo, corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade co decreto de delegación de competencias da alcaldía-presidencia, de data 2 de xaneiro de 2004, polo que se atribúe ó concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, en materia de persoal, as seguintes atribucións

“...5.- Propoñer á Xunta de Goberno Local o establecemento de xornada laboral e horarios de traballo no marco das disposicións legais aplicables...”

Polo exposto, previo conforme do concelleiro-delegado, sómétese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“1º.- Acceder á petición do Comité de Persoal, de data 2 de setembro de 2005, de incorporar dous días máis de permiso por asuntos personais ou propios, por coincidir o presente ano os días 24 e 31 de decembro en días non laborais, en aplicación da Orde do Ministerio de Administracións Públicas APU/1818/2005, de 15 de xuño, e en substitución, por ser máis amplo, que o que se viña disfrutando de redución de xornada en 3 horas dos días hábiles inmediatamente anteriores.

2º.-Ó disfrute destes dous días a máis, lle serán de aplicación as mesmas condicións (necesidade do servizo, acumulación, etc), previstas no convenio para os asuntos personais.”

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1162).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE DE CATRO SUBALTERNAS, DUN ALGUACIL E CONTRATACIÓN DUNHA NOVA SUBALTERNA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. EXPTE. 15985/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención xeral de 14.09.05 e de acordo co informe proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal 12.09.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Prorrogar por un periodo de tres meses (1 de outubro a 31 de decembro de 2005), o contrato suscrito en data 1 xullo de 2005, por un período de tres meses, co alguacil D. Xosé Ramón Leira Pérez, NIF 36.070.004-R, coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial.

2º.- Prorrogar por un periodo de tres meses (1 de outubro a 31 de decembro de 2005), o contrato suscrito en data 1 xullo de 2005, por un período de tres meses, coas subalternas Dª. Mª. Jesús Marín Angulo, NIF 13.293.303-Q, Dª. Vanesa Ocampo Carracelas, NIF 36.172.470-W, D. Montserrat Campos Bestilleiro, NIF 36.134.453-G e Dª. Antonia González Peinado, NIF 36.124.789-T, coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial.

3º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contrato a Dª. Purificación García Romero, NIF 36.028.268-X, como subalterna, por un período de tres meses, comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2005, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD. 2720/98, de 18 de decembro e percibirá como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto de traballo Cód. 155-Ordenanza-Porteiro.

**13(1163).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE DEZ OPERARIOS PEÓNS E CONTRATACIÓN LABORAL DE DOUS OPERARIOS PEÓNS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS.. EXPTE. 15986/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención xeral de 14.09.05 e de acordo co informe proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal 12.09.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Prorrogar por un período de tres meses (20 de setembro a 19 de decembro de 2005), o contrato suscrito en data 20 de xuño de 2005, por un período de tres meses, cos operarios peóns Dª. Mª. Dolores García Iglesias, NIF 35.999.694-W, D. Carlos Rios Fernández, NIF 36.163.383-T, Dª. Escarlata González Acea, NIF 53.178.340-V, Dª. Manuela Flores Blanco, NIF 36.005.541-F, D. Jesús Riobó Alvarez, NIF 35.998.408-G, Dª. Carmen Carrera Lago, NIF 36.044.114-D, Dª. Manuela Ons Aracama, NIF 36.080.085-P, D. José Antonio López Basalo, NIF 36.051.598-H e D. Manuel Costas Alonso, NIF 36.000.840-K, coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial.

2º.- Prorrogar por un periodo de tres meses (1 de outubro a 31 de decembro de 2005), o contrato suscrito en data 1 de xullo de 2005, por un periodo de tres meses, co operario peón, D. Manuel A. Castro Reñones, NIF 35.985.721-J, coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial.

3º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos como operarios-peóns, por un periodo de tres meses, comprendido entre 1 de outubro e o 31 de decembro de 2005, a D. Joaquín Carballo Otero, NIF 7.832.348-C e Dª. Mª. Elvira Alvarez Santos, NIF 36.103.124-R, aspirantes que superaron a proba de que constou o proceso selectivo e que obtiveron ós postos números 13 e 14, respectivamente, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

4º.- Os dous traballadores contratados percibirán como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto de traballo de operario-peon, Cód. 158, e a súa xornada laboral se desenvolverá preferentemente en xornada continuada de mañá -06,45 a 14 horas-, contándose en calquera caso con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, se por requerimento do servizo fose necesario.

**14(1164).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE TRES AUXILIARES ADMINISTRATIVOS. EXPTE. 15987/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención xeral de 14.09.05 e de acordo co informe proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal 12.09.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Prorrogar por un periodo de tres meses (4 de outubro de 2005 o 3 de xaneiro de 2006), o contrato suscrito en data 4 de xullo de 2005, por un período de tres meses, coas auxiliares administrativas Dª. Raquel Rodríguez Cortiñas, NIF 36.127.785-Y, Dª. Mónica García Guntiñas, NIF 36.078.735-S e Dª. Nuria Vilasoa Núñez, NIF 34.83.655-X, coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial.

**15(1165).- PRÓRROGA DE CONTRATO DE OFICIAL SEPULTUREIRA. EXPTE. 15991/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención xeral de 14.09.05 e de acordo co informe proposta do técnico de organización da Unidade de Persoal 12.09.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Prorrogar por un período de dous meses (16 de outubro o 15 de decembro de 2005), o contrato suscrito en data 16 de xuño de 2005, por un período de catro meses, coa oficial sepultureira Dª Mª. Concepción Cousiño Sendín, NIF 36.094.387-G., coas mesmas condicións que figuran no contrato inicial.

**16(1166).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULOS MUNICIPAIS SEN SER OFICIAIS, DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE 2005. EXPTE. 15978/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 14.09.05 e de acordo co informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 09.09.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal de Desinfección , D José Ramón Seijas Alvarez , D Jose Manuel Sousa Atrio e D Ricardo Gonzalez Arzua, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 458.64 € (Catrocentos cincuenta e oito euros con sesenta e catro centimos), correspondentes ó 2º e 3º TRIMESTRE de 2005 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**17(1167).- SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DO 2005. EXPTE.15982/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 14.09.05 e de acordo co informe da xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Asignar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ao persoal que figura na relación achegada no expediente e que comeza por don Manuel Aballe González do servizo de Policía Local e remata por Cesareo Rocha Paramés da Alcaldía, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 58.169,44.- €, CINCOENTA E OITO MIL CENTO SESENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes a agosto do 2005.

**18(1168).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 15977/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 14.09.05 e de acordo co informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 09.09.05, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de productividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por

Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Rogelio Rocha Álvarez as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de AGOSTO 2005 e que ascenden a un total de 687,60.- €, (SEISCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIONES.

**19(1169).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE COMERCIO E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DO MERCADO DE CABRAL, PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS QUE SE REALIZARÁN EN DITO MERCADO. EXPTE. 1694/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.09.05 e de acordo co informe proposta do xefe de Servizo de Turismo e Comercio, do 07.09.05, conforme a concelleira delegada de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, entre a Concellería de Turismo e Comercio e a Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, en virtude do que a devantida asociación aboará ao Concello de Vigo a cantidade de 7.166,02 euros en concepto de contribución para o financiamento das obras relacionadas anteriormente, que executará o Concello de Vigo con subvencións da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

2º.- Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 210 c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que a licitación do devandito proxecto se realice mediante procedemento negociado sen publicidade ou contrato menor se procedese por razón de contía, dado que a Consellería de Industria existe que a obra/investimento deberá realizarse e xustificarse antes do 31 de outubro de 2005.

*CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONCELLERIA DE COMERCIO E A ASOCIACION DE  
COMERCIANTES DO MERCADO DE CABRAL*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dona Lucía Molares Pérez, Concellera delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio, facultada por Decreto de Delegación de competencias da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, e acordo da Xunta de Goberno Local, de 5 de xaneiro de 2004.*

*Doutra, Don Isaac De Benito Cadilla, Presidente da Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, con enderezo na Avda. Tranvía, 2 Cabral, de Vigo, e con CIF: G-36.786.952*

*MANIFESTAN*

*Que en virtude da Orde do 18 de febreiro de 2005, publicada no Diario Oficial de Galicia o 2 de marzo do mesmo ano, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de fomento ó investimento en mercados detallistas e zonas peonís-comerciais, a Concellería de Turismo e Comercio e maila Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, decidiron acollerse a estas axudas para acometer un proxecto de renovación do mencionado Mercado de Cabral, incluído no Plan de Dinamización Comercial da Concellería de Comercio.*

Que o pasado día 15 de xullo foi remitido ó Departamento de Turismo e Comercio escrito da Consellería de Industria, a través da súa delegación provincial, con data de entrada no Rexistro Xeral de 1 de agosto de 2005, no que se comunica a este Concello a concesión dunha subvención por unha contía total de 50.162,13 € para a realización de obras de mellora no mencionado mercado, correspondente ó 70% do total do investimento programado.

Por todo o antedito, a Concellería de Comercio do Concello de Vigo e maila Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, conveñen as seguintes

#### CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que en virtude da Orde da Consellería de Industria, de data 18 de febreiro de 2005, a Concellería de Comercio presentou proxecto de mellora do Mercado de Cabral, consistente nas seguintes obras:

- Construcción de tres rampas.	39.133,78 €
- Construcción e montaxe de peches.	23.188,40 €
- Reparación baños e adaptación para minusválidos.	5.510,00 €
- Limpeza graffitis e pintura fachada.	3.828,00 €
Total	71.660,18 €

A Consellería resolve conceder unha subvención para o devandito investimento de 50.162,13 €; é dicir, o 70% do total.

SEGUNDA.- Dado que o importe da subvención da Consellería de Industria para este proxecto supón o 70% do investimento total previsto, que ascende a 71.660,18 euros, a Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral comprométese a través deste convenio a asumir unha parte do resto do investimento, para contribuir a cubri-lo 100% do proxecto presupostado.

TERCEIRA.- A subvención concedida pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, segundo resolución de data 15 de xullo de 2005, ascende a un total de 50.162,13 euros.

CUARTA.- Segundo o estipulado na cláusula anterior, a Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral, comprométese a ingresar nas arcas municipais antes do 15 de novembro de 2005 a cantidade de 7.166,02 euros, en concepto da súa aportación, ó 10 % do total, para cubrir o resto do investimento previsto para o proxecto.

QUINTA.- O incumprimento por parte da Asociación de Comerciantes do Mercado de Cabral de calquera dos extremos contidos no presente convenio por causas non imputables á Administración, suporá que a devandita Asociación deberá devengar ó Concello os correspondentes xuros de mora da contía antes mencionada.

SEXTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a realizar todo o proceso de contratación e adjudicación da obra de referencia, así como a prestar todo tipo de apoio técnico e de asesoramento por parte da Concellería de Comercio.

OCTAVA.- Os Comerciantes do Mercado de Cabral se comprometen, pola súa parte, ó mantemento e conservación tamén das novas instalacións.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un só efecto o presente convenio de colaboración no lugar e data indicados,



NESTE INTRE SE INCORPORA Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. GUERRA FERNÁNDEZ.

**20(1170).- SOLITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE CAMBIO DE DESTINO DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “LIMPEZA DA FACHADA DO MERCADO DO BERBÉS” POR “INSTALACIÓN DE MAQUINARIA DE ACCESO AO GARAXE DO MERCADO DO BERBÉS”. EXPTE. 1702/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe de Servizo de Turismo e Comercio, do 14.09.05, conformado a concelleira delegada de Turismo, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberbo Local, na sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2004, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: “Solicitar diante da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ó abeiro da Orde de 5 de decembro de 2003, para investimento en mercados retalistas, subvencións para realizar obras nos mercados do Berbés, Progreso, Bouzas e Teis, polas contías en conceptos que se describen no cadro seguinte”.*

*A solicitude correspondente ó mercado do Berbés tiña o seguinte concepto : “Subvención plurianual; rehabilitación da fachada”. Presuposto total: ano 2004: 32.795 €; subvención solicitada: 22.931,30 €, para limpeza da fachada Cánovas del Castillo; ano 2005: 14.040 €; subvención solicitada: 9.828 €, para limpeza da fachada de Teófilo Llorente.*

*Con datas de Rexistro de Saída, Pontevedra, 27 de febreiro e 30 de xuño de 2004 , a Consellería de Innovación, Industria e Comercio concedeu a este Concello unha subvención de 32.759,00 euros (22.931,00 no ano 2005 e 9.828,00 no ano 2005), para fomento ó investimento en mercados retalistas, en rúas e zonas peonís-comerciais, e outros equipamentos comerciais.*

*A limpeza da fachada correspondente á rúa Cánovas del Castillo realizouse e xustificouse de xeito satisfactorio diante a Consellería de Innovación, Industria e Comercio no ano 2004.*

*A Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés comunicou á Concellería de Turismo e Comercio do Concello de Vigo, con data de Rexistro Xeral 14 de setembro de 2005, que o mercado do Berbés está a realizar obras de mellora nas súas instalacións, subvencionadas pola Consellería de Innovación, Industria e Comercio, co obxecto de utilizar a pranta baixa do mercado para aparcadoiro de clientes, e concentrar a actividade comercial nas outras dúas prantas. En consecuencia, solicitan cambio de destino da subvención que a Consellería de Innovación, Industria e Comercio ten concedida ó Concello de Vigo para no ano 2005, para a limpeza da fachada da rúa Teófilo Llorente, por importe de 9,828 euros, sobre unha inversión prevista de 14.040 euros. O cambio de destino solicitado refírese a unha obra para dotar ó mercado do Berbés da maquinaria de control de accesos ó garaxe que se vai construír na pranta baixa; obra de inversión estimada, segundo presuposto que se achega, en 19.990 euros.*

*Por todo o anteriormente exposto, solicítase da Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“Solicitar da Consellería de Innovación, Industria e Comercio cambio de destino da subvención concedida para realizar a limpeza da fachada da rúa Teófilo Llorente do mercado do Berbés no ano 2005, de 9.828 euros sobre unha inversión total de 14.040,00 euros, por unha subvención de 9.828 euros sobre unha inversión total prevista de 19.990 euros, para acometer obras de instalación da maquinaria de control de accesos para o garaxe do mercado do Berbés”.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(1171).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO "U.A.-V-E" DO PERI "IV-05 TRAVESÍA DE VIGO-ARAGÓN". EXPTE. 4567/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 17.08.05, que di o seguinte:

#### FEITOS

1.- O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29/04/1993, delimitou entre as rúas Travesía de Vigo e Aragón un ámbito de solo urbano non consolidado remitido ao PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón". Dito plan especial aprobouse definitivamente no 23/12/1993.

En data 29/11/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da "UA V-E" dese PERI, promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos D. Eduardo Guillén Vázquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG en datas 19/07/2004 (Memoria e plano 9R) e 25/02/2004 (resto dos planos), -expte. 8913/411, BOP núm. 2, do 04/01/2005 e DOG 14 do 21/01/2005-.

Dito acordo foi impugnado pola entidade mercantil "Cologa Vigo, SL" perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso cont.-ad. 2/4066/2005, actualmente en tramitación.

2.- No día 02/12/2004 O representante de "Basisa CB" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de aprobación do Proxecto de Urbanización dese polígono. Dita solicitude e documentación inicial foi completada -previo requirimento dos servizos municipais- por outra posterior presentada no día 20/05/2005.

En data 09/05/2005 o enxeñeiro técnico agrícola da oficina municipal de "Montes, parques e xardíns" emitiu Informe favorable. No día 02/06/2005 o enxeñeiro industrial da oficina municipal de Servizos Electro-Mecánicos emitiu Informe sobre as redes de gas e alumeado público do proxecto.

No 21/06/2005 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable. Nél manifestou, entroutros extremos, o seguinte:

"A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad 79.025,59 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100 % a la aprobación definitiva. Según las determinaciones del PERI IV-05 Travesía de Vigo-Aragón, esta U.E. responde de la construcción del vial sur, en un 1,30%, teniendo que aportar para ello un aval de 3.859,51 euros. El Proyecto consiste fundamentalmente en ordenar las zonas peatonales que circundan el edificio proyectado, conectando entre si las que resultan en el desarrollo de las unidades colindantes, la V-D, y la V-F, crear el acceso a los garajes desde la calle Aragón, y contribuir al ensanche del camino de Pinelas en su contacto con esta Unidad de Ejecución. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. El ámbito de este Proyecto, está recogido en el nuevo PGOM en tramitación, como API-07. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad, capítulo en el que hay que señalar los insalvables desniveles que se presentan en estas unidades de ejecución. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los

diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección Técnica de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal, un Plan de Control de Calidad, y aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas y al mencionado control de calidad. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará al Coordinador del Área de Servicios, y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R".

3.- Paralelamente e co núm. de expte. 4605/401 estase tramitando o Proxecto de Equidistribución deste polígono.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento debe tramitarse consonte co disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 79.025,59 euros.

Asemade, deberán asumi-lo pago de 3.859,51 euros para a execución do vial Sur previsto no PERI, tal e como se dispón nél, mediante a consignación dese importe, ou constitución de fianza/aval.

Por outra banda, a aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización require da previa ou simultánea aprobación do Proxecto de Equidistribución do polígono, consonte esixe o art. 20.1.d) LOUGA.

Por último, no momento de recepción das obras de urbanización, deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación, tal e como se dispón expresamente no vixente PXOU-93.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da "UA V-E" do PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón", promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llópiz, visado polo COAG no 02/12/2004, 19/05/2005 e 02/06/2005 (Expte. 4567/401).

**SEGUNDO:** Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro

deste Acordo a "Basisa CB" xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ós demais interesados, ó coordinador municipal da Área de Servizos e ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **22(1172).- APROBACIÓN INICIAL, CAMBIO DE SISTEMA E EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO DA "U.A.-V-E" DO PERI "IV-05 TRAVESÍA DE VIGO-ARAGÓN". EXPTE. 4605/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 18.08.05, que di o seguinte:

#### FEITOS

1.- O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29/04/1993, delimitou entre as rúas Travesía de Vigo e Aragón un ámbito de solo urbano non consolidado remitido ao PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón". Dito plan especial aprobouse definitivamente no 23/12/1993.

En data 29/11/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da "UA V-E" dese PERI, promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos D. Eduardo Guillén Vázquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG en datas 19/07/2004 (Memoria e plano 9R) e 25/02/2004 (resto dos planos), -expte. 8913/411, BOP núm. 2, do 04/01/2005 e DOG 14 do 21/01/2005-.

Dito acordo foi impugnado pola entidade mercantil "Cologa Vigo, SL" perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso cont.-ad. 2/4066/2005, actualmente en tramitación.

2.- No día 26/05/2005, o representante de "Basisa CB" presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo solicitando o cambio de sistema de execución do referido polígono, de compensación a concerto, así como a tramitación e aprobación do correspondente proxecto de equidistribución. Achegou a tal efecto o proxecto, composto de memoria, escrituras de propiedade e planos, asinados estes últimos polos arquitectos D. Eduardo Guillén Vázquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. José Agustín Llopiz Pereiro, visado polo COAG no 20/05/2005.

No día 17/06/2005 o arquitecto técnico municipal emitiu un Informe no que fixo constar que:

"(...) as determinacións que figuran na proposta de equidistribución polo sistema de concerto (artigo 150 da lei 9/2002), obxecto de informe, axústanse ó estudio de detalle da U.E. V-E do Peri IV-05 Travesía de Vigo-Aragón, aprobado definitivamente o 29 de novembro de 2004, expediente 8913/411. O proxecto de equidistribución de propietario único abarca unha superficie de 1.186,00 m<sup>2</sup>, dispoñendo dunha edificabilidade de 1.835,93 m<sup>2</sup> construídos. O aproveitamento é de 1,548 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. A superficie destinada á parcela edificable é de 695,74 m<sup>2</sup>, sendo a superficie destinada a cesións de uso de superficie de 422,14 m<sup>2</sup>. O resto da superficie do ámbito destínase a cesións, sendo de 309,02 m<sup>2</sup> para zonas verdes e libres, 110,80 m<sup>2</sup> para a ampliación do viario do Cº de Pinelas e 70,44 m<sup>2</sup> de espazos libres destinados ó acceso de escaleiras. A edificabilidade correspondente ó Concello pola cesión do 10% do aproveitamento é de 183,593 m<sup>2</sup> construídos e emprázase na parcela nº 1 en proindiviso coa sociedade Basisa, C.B.(...)".

3.- No 20/06/2005 remitíuselle un Oficio á interesada a fin de que aportase nova documentación. En data 01/08/2005 o representante de "Basisa, C.B." presentou nesta Administración municipal, entroutros documentos,

*copia da Escritura Pública do proxecto de equidistribución do devandito polígono, outorgada no 27/07/2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas co núm. 1.425 do seu protocolo.*

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*I.- As parcelas incluídas dentro do polígono de referencia pertencen na súa totalidade a unha mesma comunidade de bens, segundo se deduce da documentación achegada pola solicitante.*

*Nos arts. 150 e ss. da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) estableceuse un sistema de xestión específico e simplificado para os polígonos dun único propietario, denominado "sistema de concerto". Por outra banda, suprimiuse o procedemento abreviado de "propietario único" no sistema de compensación, antes regulado no art. 133.1 'in fine' LSG-97. Quere elo dicir que coa nova lexislación, a aprobación do Proxecto de Compensación parece esixir en todo caso da previa constitución de Xunta de Compensación, aínda na hipótese de que o polígono pertencese a un único propietario ou a varios con unánime consenso (art. 154 LOUGA).*

*Neste suposto, dada a situación dominical das fincas preexistentes resulta axeitada e incluso recomendable a incoación dun procedemento de cambio de sistema, de compensación a concerto, considerándose á pertenza das fincas iniciais a unha. Elo permitiría aproba-lo proxecto de equidistribución do propietario único do polígono dun xeito máis áxil e sinxelo.*

*II.- O procedemento de modificación do sistema de actuación regúlase no art. 127.2 LOUGA, requirindo dunha aprobación inicial pola Xunta de Goberno Local, información pública por 20 días con publicación de anuncio no BOP e aprobación definitiva pola Xunta de Goberno.*

*Do mesmo xeito, a tramitación do Proxecto de Equidistribución regúlase no art. 153.1 LOUGA, no que se dispón que:*

*"A proposta de equidistribución formulada polos propietarios afectados e formalizada en escritura pública será sometida a información pública durante vinte días mediante anuncio publicado no BOP e obxecto de informe polos servizos municipais correspondentes, e seralle elevada ao municipio para que se pronuncie sobre a aprobación definitiva".*

*III.- Resulta posible acumula-lo procedemento de modificación do sistema de actuación co de aprobación do proxecto de equidistribución, tal e como preceptúa o art. 73 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC). Consecuentemente, pode abrirse un único trámite de información pública común para ambos procedementos.*

*IV.- No que se refire á solicitude de monetarización e adquisición do aproveitamento municipal, resúltalle de aplicación o art. 177.2 LOUGA, modificado por Lei 15/2004, do 29 de decembro, no que se dispoñe que:*

*"O alleamento ou permuta dos bens do patrimonio público do solo da Administración autonómica ou local realizarase, por prezo non inferior ao do seu aproveitamento urbanístico, mediante concurso público por procedemento aberto, na forma establecida na lexislación de contratación das administracións públicas (...)".*

*V.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, consonte co disposto no art. 127.d) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003.*

*En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O:*

*PRIMEIRO: Acumular o procedemento de cambio de sistema de compensación a concerto do polígono "UA-V-E" do PERI "IV-05 Travesía de Vigo-Aragón" co de aprobación do seu proxecto de equidistribución (expte. 4605/401).*

*SEGUNDO: Aprobar inicialmente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono de referencia.*

*TERCEIRO: Expoñer ao público o proxecto de equidistribución do devandito polígono, formalizado en Escritura Pública no 27/07/2005 perante o notario de Vigo D. Jaime Romero Costas co núm. 1425 do seu protocolo, promovido por "Basisa CB", redactado polos arquitectos Guillén, Mateos y Llópiz, con planos visados polo COAG no 20/05/2005.*

*CUARTO: Abrir un trámite conxunto de información pública en ambos procedementos acumulados (cambio de sistema de actuación e proxecto de equidistribución) polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.*

*QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós interesados, coa advertencia de que contra él non cabe recurso por tratarse dun acto de mero trámite.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(1173).- SOLICITUD DE RETASACIÓN DAS PARCELAS 7-1015, 7-1118, E 7-1301 DA EXPROPIACIÓN DE TERRENOS PARA A CONTRUCCIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. EXPTE. 175/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 30.08.05, que di o seguinte:

#### FEITOS

*1º.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93), delimitouse en Valadares un ámbito de solo urbanizable a executar por expropiación, denominado "Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo" e destiñado a polígono industrial.*

*En data 03/11/1994 o Pleno do Concello aprobou definitivamente o proxecto de "Delimitación e expropiación dos terreos para implantación do parque tecnolóxico de Vigo" (BOP nº 240, de 16/12/1994), sendo o "Consortio da Zona Franca de Vigo" (CZFB) a entidade beneficiaria de dita expropiación (expte. 660/130).*

*Dentro do devandito ámbito obxecto de expropiación incluíronse as fincas nº "7-1015", "7-1118" e "7-1301", pertencentes a D. Ángel Barros Vila e outros.*

*2º.- D. Ángel Barros Vila impugnou o citado acordo plenario do 03/11/1994 ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) no Recurso Cont.-Ad. 2/4172/1995, que foi desestimado por Sentenza firme do*

20/03/1997, na que se confirmou "a declaración de expresa utilidade pública do referido parque, e a necesidade concreta de ocupación de bens e dereitos a efectos expropiatorios".

3º.- A expropiación tramitouse polo procedemento de urxencia. O día 24/02/1997 asináronse as actas previas á ocupación. Nos días 4, 5 e 6 de marzo de 1998 procedeuse ó pago dos depósitos previos á ocupación, e o 16/03/1998 asinou a Acta de ocupación material das devanditas fincas.

No 16/11/1999 o Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Ponvedra dictou Resolución sobre o prezo xusto expropiatorio. Foi impugnada polo CZFV e polos expropiados perante o TSXG nos recursos cont.-ad. 3/7438/2000 e 3/7343/2000, desestimados respectivamente por Sentenzas do 21/10/2002 e 27/02/2004.

Os propietarios das fincas de referencia non compareceron a cobra-lo prezo xusto expropiatorio e xuros de mora na data na que se lles citou. Motivo polo cal no ano 2002 consignouse dito importe na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Hacienda (rex. 2002 00054 E000012 0 // 2002 00054 E000063 0 // 2002 00054 E0001130).

4º.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo tentou en sucesivas ocasións o desaloxo efectivo e voluntario destas fincas, sen conseguilo. Por elo solicitou desta Administración municipal -como entidade expropiante- o desaloxo. Nos días respectivos 15/12/2000 e 22/03/2001 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou executar forzosamente o desafuzamento. D. Ángel Barros Vila impugnou ditos Acordos perante o TSXG, no recurso cont.-ad. 3/7571/2001, que foi inadmitido por Sentenza firme do 31/03/2004.

5º.- En data 01/06/2004 D. Ángel Barros Vila e D. José Luis Castro Estévez interpuxeron un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando a retaxación do prezo xusto das fincas expropiadas "7-1015", "7-1118" e "7-1301". Déuselle traslado dunha copia dese escrito á CZFV, que procedeu a respotalo con outro presentado no 22/06/2004.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Procede inadmitir de plano a solicitude de retaxación formulada por D. Ángel Barros Vila e D. José Luis Castro Riande, por manifestamente extemporánea e improcedente.

Os titulares das fincas expropiadas "7-1015", "7-1118" e "7-1301" cobraron no ano 1998 os depósitos previos á expropiación. Unha vez resolta a peza do prezo xusto por resolución do Xurado Provincial, e antes incluso de que adquirise firmeza (foi impugnada xudicialmente polo CZFV e por varios expropiados), convocóuselles para que percibisen o resto do prezo xusto, máis xuros de mora. Non compareceron, motivo polo cal no ano 2002 consignouse dita cantidade na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Hacienda. Consignación que equivale ao pago (art. 50 LEF).

A solicitude de retaxación, formulada dous anos despois da consignación do prezo xusto, resulta así extemporánea e inadmisibile -art. 58 LEF-, sen prexuízo de que tampouco cumpre os requisitos formais establecidos no art. 74.2 REF. Constitúe un mero subterfuxio para evita-lo desaloxo das fincas expropiadas, unha vez esgotadas as vías xudiciais abertas para tal fin polos expropiados, con fraude de lei e abuso de dereito.

É competente para emiti-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1 LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*PRIMEIRO: Inadmiti-la solicitude formulada por D. Ángel Barros Vila e D. José Luis Castro Riande sobre retasación das fincas "7-1015", "7-1118" e "7-1301", expropiadas con motivo da urbanización do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (Valadares) -expte. 175/413-.*

*SEGUNDO: Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo ós solicitantes e ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición no prazo de un mes nesta Administración municipal, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **24(1174).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DE VIAL TRANSVERSAL NA RÚA ESPIÑEIRO. RESCATE DE AVAL. EXPTE. 3988/401**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 9.09.05, que di o seguinte:

### FEITOS

1.- En data 27/09/1996 a Comisión Municipal de Goberno acordou:

"1º.- Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización do Vial Transversal ó camiño de Espiñeiro (...) coas seguintes condicións e/ou especificacións:

a) Os promotores da actuación deberán avalar, unha vez aprobado definitivamente este proxecto, a cantidade de 2.960.000 pesetas para responder dos custes de expropiación dos terreos necesarios para a execución do vial que se proxecta. b) Asemade, deberán avalar (tamén logo da aprobación definitiva), a cantidade de 12.610.329 pesetas, correspondentes ó 100% do importe das obras de urbanización. c) O prazo de execución da totalidade das obras comprendidas no proxecto fíxase en 12 meses, contados dende a efectiva dispoñibilidade dos terreos (...)"

No día 07/02/1997 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "(...) Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do Vial Transversal ó Camiño de Espiñeiro-Teis, formulado por Dª Pilar Álvarez Díez e D. Jesús Fernández González, redactado polo arquitecto D. Ricardo Salgado Salgado, de conformidade cos condicionantes da súa aprobación inicial e coa memoria xustificativa do cumprimento da ordenanza municipal para a mellora de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, visada polo COAG o 10 de xaneiro de 1997" (expte. 3988/401).

Ditos avais constituíronse no Banco Santander, contabilizándose na Tesourería municipal no 20/05/1999 cos núms. 199900019179 e 199900019180.

2.- En data 27/02/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

"PRIMEIRO: Denega-las solicitudes formuladas pola entidade mercantil "Promociones Tabulatum, S.L." de devolución de avais e de outorgamento de licencia de primeira ocupación en relación á edificación sita na Travesía do Camiño de Espiñeiro núm. 6, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (exptes. 3988/401 e 32304/421).



*SEGUNDO: Executa-los avais constituídos pola entidade "Promociones Tabulatum, S.L.", polo importe 2.960.000 ptas. e 12.610.329 ptas, en garantía, respectivamente, do pago do prezo xusto expropiatorio dos predios afectados polo Proxecto de Urbanización do vial transversal ó camiño de Espiñeiro (Teis) e dos custes de urbanización dese vial (contabilizados no día 20/05/1999 cos núms. 199900019179 e 199900019180)*

*TERCEIRO: Esta Administración municipal asumirá ditos custes (expropiación e urbanización) ata o límite das cantidades garantidas nos avais executados, procedendo á contratación directa das obras de urbanización."*

*Dito Acordo foi impugnado pola referida entidade mercantil perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo 1 de Vigo no Procedemento Ordinario 88/2003. No 09/03/2004 o Xulgado dictou Sentenza desestimatoria da Demanda (non firme, ó ter sido apelada). O Xulgado denegou a suspensión cautelar do acto impugnado.*

*3.- En data 05/07/2004 a Xunta de Goberno Local acordou:*

*"(...) Terceiro: Aprobar definitivamente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta dos terreos afectados polo ensanche e urbanización da Travesía do Camiño de Espiñeiro en Teis, coas valoracións e follas de prezo xusto redactadas polos técnicos municipais en data de 24 de maio de 2.004".*

*No 14/02/2005 a Xunta de Goberno Local acordou:*

*"PRIMEIRO: Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto por D. Darío Rey Mosteiro contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 05/07/2004 de aprobación definitiva do proxecto de expropiación por taxación conxunta na Travesía de Espiñeiro (Teis), rectificando a Folla do Prezo Xusto expropiatorio da parcela núm. "2" no senso recollido na parte expositiva deste Acordo. Desestima-lo recurso de reposición e alegacións interpostos por D<sup>a</sup> Dolores Melón Pérez (expte. 169/413).*

*SEGUNDO: Remítase unha copia compulsada do expediente ó Xurado Provincial de Expropiación Forzosa, ós efectos previstos no art. 143.7 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).*

*TERCEIRO: (...) Notifíquese tamén ás oficinas de Servizos Centrais e Intervención para que axilicen a confiscación e execución dos avais constituídos pola entidade "Promociones Tabulatum SL".*

*4.- No 28/07/2005 o representante da entidade mercantil "Promociones Tabulatum SL" interpuxo un escrito nesta Administración municipal no que manifestou que, unha vez concluída a expropiación dos terreos afectados pola ampliación do referido vial, se compromete formalmente a executa-las obras de urbanización pendentes, sempre e cando se suspenda a execución do aval de 12.610.329 ptas (75.789,60 €) constituído en garantía das mesmas.*

*Tamén solicitou a redución do outro aval de 2.960.000 ptas (17.789,96 €) constituído en garantía do pago das expropiacións necesarias para amplia-lo vial, ata a cantidade de 9.628,97 €.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

*Remitímonos, para evitar reiteracións, á argumentación xurídica contida no anterior Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 27/02/2003 obrante no expte., na que se xustificou a procedencia da execución dos citados avais. Maiormente considerando a súa confirmación polo Xulgado do Contencioso-Administrativo 1 de Vigo na súa Sentenza do 09/03/2004 (PO 88/2003).*

*Procede sen embargo estima-la petición da mercantil "Promociones Tabulatum SL" de suspensión temporal da execución do aval de 12.610.329 ptas (75.789,60 €) constituído en garantía da correcta urbanización do referido*

vial, ante o seu compromiso de realizar agora as obras pendentes, unha vez aprobado e firme o proxecto expropiatorio dos terreos afectados. Deste xeito rematarse o vial máis rápida e áxilmente, pola mesma entidade que urbanizou o outro fronte do mesmo.

Porén, debe continua-la execución do aval constituído por 2.960.000 ptas (17.789,96 €) en garantía do pago das expropiacións necesarias para amplia-lo vial, toda vez que o prezo xusto final determinado no proxecto expropiatorio ascende en conxunto polas 4 fincas afectadas a 27.448,37 €. Elo sen prexuízo de que próximamente o Xurado Provincial de Expropiación Forzosa de Pontevedra incremente, no seu caso, dita indemnización.

É competente para dictar o Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Suspende-la execución do aval constituído pola entidade mercantil "Promociones Tabulatum SL" no Banco Santander por importe de 12.610.329 ptas (75.789,60 €) en garantía da correcta urbanización do vial transversal ó Camiño de Espiñeiro (Teis), acordada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 27/02/2003 (CVD 199900019180). Dita mercantil deberá concluír as obras de urbanización no prazo de 6 meses dende a data na que se lle poñan á súa disposición os terreos necesarios. No caso contrario continuarase a execución do referido aval (expte. 3988/401).

**SEGUNDO:** Continua-la execución do aval constituído pola entidade mercantil "Promociones Tabulatum SL" no Banco Santander por importe de 2.960.000 ptas (17.989,96 €) en garantía do pago do custe da expropiación necesaria para ampliación do referido vial (CVD 199900019179).

**TERCEIRO:** Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á entidade mercantil interesada, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á oficina de "Servizos Centrais" da Xerencia e ás de "Tesourería" e "Intervención" do Concello.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE AUSENTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA.

#### **25(1175).- INFORME-PROPOSTA SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA LICENZA DE OBRAS E INSTALACIÓN DE ACTIVIDADE DE PUB CON MÚSICA DENOMINADO "NEMOMANÍA S.L." SITO NA RÚA ARENAL 20, BAIXO. EXPTE. 27190/422.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe da oficina administrativa de actividades e instalacións do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 12.09.05, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de marzo de 2005, acordou AUTORIZAR obras de adaptación e licenza de actividades e instalacións para un PUB CON MÚSICA (CAFÉ BAR CON MÚSICA SEN PISTA DE BAILE), actividade incluída no núm. identificativo -2.6.4. PUBS do Decreto autonómico 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o C.E.P.A.R. da C.A. de Galicia, no local situado na RUA AREAL, 20, BAIXO, VIGO, nos termos que constan no devandito acordo (expedientes núms. 49483/421, 27190/422).

Contra a devandita resolución, preséntanse recursos de reposición por:

- Juana Nuño Blanco, doc. 50082721/05 (18/04/05)
- María Trinidad Riveiro López Niño, doc. 50082714/05 (18/04/05).
- José Luis Acuña Mosquera, en nome propio e como presidente da Cdade. do edificio núm. 20 da rúa Areal, doc. 50082729/05 (18/04/05).
- Germán Arteta Torres, doc. 50116777/05 (13/05/05).

Nos recursos interpostos solicítase a anulación do acordo de concesión de licenzas polos motivos que constan nestes e que, de modo sucinto, se fundamentan en:

- Actas de medicións sonométricas da Policía Local, unha vez posta en funcionamento a actividade, que superan gravemente o nivel máximo de ruidos tolerables.
- O incumprimento da normativa acústica implica a vulneración dos dereitos fundamentais recollidos nos artigos 15, 18.1, 18.2, 43.1, 45.1, da CE..
- Incumprimento dos termos da concesión da licenza sobre medicións sonométricas e coas medicións efectuadas pola policía local. Discrepancia cos informes técnicos municipais e os aportados por Nemomanía ao existir unha enorme e insoportable contaminación acústica.
- Inciden tamén no elemento constructivo que separa o local da planta primeira da vivenda, e achégase co recurso presentado por don German Arteta Torres acta de presenza do Notario Cesar M. Fernández-Casqueiro Domínguez de data 19/04/2005 que incorpora informe do arquitecto Jaime Riera Nieves. Neste recurso con base na acta aportada conclúese, invalidade e imposibilidade técnica da suposta placa de formigon, falta de protección acústica e insuficiencia da protección contra incendios.
- Que se ben o local non conta con pista de baile delimitada, toda a planta baixa serve a tal fin polo que habería que aplica-lo réxime de discoteca.

Trasladados os recursos interpostos á entidade Nemomania, S.L., presenta escritos de alegacións docs. 50118129/05, 50121266/05, 50121269/05, 50128746/05, 50137284/05, opoñéndose as alegacións contidas nos recursos polos motivos que constan nestes.

Con data do 7/09/2005, o Departamento municipal de Medio Ambiente informou da incoación, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2005, de expediente sancionador por contaminación acústica contra o establecemento pub con música denominado Nemomania, S.L. situado na rúa Areal, 20, baixo (expte. 3299/306) con fudamentos de feito na existencia de medicións sonométricas da Policía Local que, na actualidade, atópase en fase de instrución co obxecto de determinar a existencia de responsabilidade susceptible de sanción.

#### DEREITO.-

Os recursos de reposición foron interposto nos prazos legalmente previsto conforme á redacción vixente do artigo 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común.

*Antes de ningunha outra consideración, cómpre deixar ben claro que unha cousa é o acto de concesión da licenza de obras de adaptación e de instalación da actividade autorizadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/2005 (exptes. 49483/421, 27190/422) á entidade Nemomanía, S.L. para a actividade de pub con música (café bar con música sen pista de baile) na rúa Areal 20, baixo, Vigo, conforme ao proxecto técnico aportado e informes favorables obrantes nos expedientes citados que é o que se recorre no presente caso; e outra moi distinta que a entidade titular da licenza NEMOMANIA,S.L. no exercizo da actividade NON SE AXUSTE as súas determinacións superando os niveis máximos de ruído que establece a vixente Ordenanza municipal sobre protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións (BOP de Pontevedra 198, do luns 16/10/00) segundo medicións sonométricas da Policía Local que se invocan nos recursos.*

*Neste sentido, as medicións sonométricas da Policía Local deron lugar a incoación do correspondente expediente sancionar polo Departamento de Medio Ambiente Municipal núm. 3299/306/05 pola posible comisión de tres infraccións graves e dúas moi graves en materia de protección contra a contaminación acústica que pode levar aparellada a sanción de multa de 9.015,19 euros a 60.101,21 euros, clausura do establecemento ou paralización da actividade por un espazo de tempo superior a seis meses ou con carácter definitivo. Dito procedemento sancionador está en fase de instrución co obxecto de determinar a existencia de responsabilidade susceptible de sanción.*

*Polo exposto, a existencia de medicións sonométricas nas que se superan o límite máximo de ruído permitido pola vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica non implican a anulabilidade da licenza de obras e de actividades e instalacións outorgadas con data do 14/03/05, senon o incumprimento dos termos da referida licenza de actividades e instalacións que esixe o axuste EN TODO MOMENTO da actividade á vixente Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións o que dou lugar a incoación do correspondente expediente sancionador polo Departamento Municipal de Medio Ambiente, ou mesmo tra-lo incumprimento reiterado podería supor a incoación de expediente para a súa revogación ao amparo do establecido no artigo 4.6 da lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica e concordante normativa de aplicación.*

*Para a obtención das licenzas de obras e de actividades e instalacións outorgadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/05 seguiu-se escrupulosamente o procedemento previsto no artigo 29 e seguintes do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (D. 2414/1961, de 30 de novembro) –en adiante RAMINP- en relación co Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividade recreativas (R.d. 2816/1982, de 27 de agosto) e Regulamento de disciplina urbanísticas de Galicia (D. 28/1999), polo que primeiro AUTORIZÁRONSE as obras e instalación da actividade conforme ao proxecto, medidas correctoras impostas e informes técnicos favorables emitidos, supeditándose o inicio da actividade ás visitas de inspección previstas no artigo 34 do RAMINP e demais condicións establecidas na licenza.*

*Durante a tramitación dos procedementos os técnicos municipais emiten informes favorables ás peticións de licenzas sobre do cumprimento da normativa urbanística, de seguridade, salubridade, accesibilidade e acústica esixibles, o que motivou a concesión da licenza de obras de adaptación e instalación da actividade por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/05 e tra-las correspondentes visitas de inspección favorables de data 18/12/05 (Sevizo de Inspección da Xerencia), 17/03/05 (Laboratorio Municipal), 18/03/05 (Coordinador Técnico da Inspección de Medio Ambiente), 30/03/05 (Departamento de Bombeiros), medicións sonométricas da empresa homologada Virocem, S.L. informadas favorablemente polo exeñeiro técnico industrial en data 21/03/05, certificado de final de obra expedido pola arquitecta, María Dolores Blanco Pousa, con data de visado colexial do 17/03/2005, precintado do equipo de música a 75 dB(A) segundo acta da Policía Local de data 15/03/05 conforme ás determinacións da Consellería de Medio Ambiente no trámite de cualificación da actividade, permitíndose o inicio da actividade en data 21/03/05 (título asinado pola Alcaldesa-Presidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo).*

Respecto do recurso de reposición interposto por don Germán Arteta Torres que incorpora acta notarial de presenza con informe do arquitecto Jaime Riera Nieves sobre do forxado existente entre o local e a vivenda superior, compre sinalar que dito forxado xa foi motivo de controversia no expediente administrativo ao constar actas contradictorias das partes polo que se efectuou inspección polo enxeñeiro técnico municipal segundo informe de data 14/02/05 o que motivou a concesión das licenzas.

Ditas actuacións recollíanse nos fundamentos de dereito da resolución de concesión de licenzas nos seguintes termos:

(...)

Respecto das alegacións presentadas –forxado de madeira- cómpre sinalar que conforme ao artigo 15.3. da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruidos e vibracións, aprobada polo Concello-Pleno en sesión do 28/07/00 –BOP de Pontevedra 198, do luns 16/10/00- NON PERMITE a actividade solicitada en locais nos que a separación coa planta superior estea constituída por un forxado de madeira e o uso previsto no edificio para a planta situada inmediatamente encima do local sexa o residencial ou vivenda.

Neste sentido cómpre sinalar que, sen prexuízo de que puidera existir un forxado de madeira, segundo se desprende do informe do enxeñeiro técnico municipal de data 14/02/05 e documentación obrante no expediente, cando menos tamén existe un FORXADO DE FORMIGON extremo que foi comprobado polo dito enxeñeiro industrial municipal segundo se indica no mencionado informe que textualmente dí:

"(...)Al objecto de poder determinar sin ningún género de duda la verdadera naturaleza del forjado existente entre el local y la vivenda superior, se ha procedido a efectuar nueva cata en el local, profundizando en el interior de la placa, aportando el arquitecto D. Alberto Cameselle Lago nuevo certificado donde se pone de manifiesto que se trata de un forjado de viguetas y bovedillas de hormigón de 10 cm de canto. Extremo que se ha podido comprobar en visita realizada al local por el técnico que suscribe.

(...)"

Por último, a licenza de actividade autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/03/2005 é para a actividade PUB CON MÚSICA (CAFÉ BAR CON MÚSICA SEN PISTA DE BAILE), actividade incluída no núm. identificativo –2.6.4. PUBS do Decreto autonómico 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aprobado o C.E.P.A.R. da C.A. de Galicia, polo que calquera outra actividade distinta –discoteca- que puidera desenvolverse no local non implicaría a anulabilidade da licenza outorgada, senon a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística por exercizo de actividade non axustada a licenza (artigo 211º.1. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia –LOUGA-).

Polo exposto, as alegacións contidas nos recursos presentados non desvirtúan os fundamentos de feito e dereito que motivaron a concesión das licenzas de obras e actividades e instalacións outorgadas en data 14/03/05.

Vistos os artigos de procedemento 107, 110, 113, 116, 117 da Lei 30/1992 de RXAP-PAC e ao abeiro do artigo 195º.2. da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1.e) da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competente para resolver-los recursos a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, procede RESOLVER:

PRIMEIRO.- DESESTIMAR os recursos de reposición interpostos por: - dona Juana Nuño Blanco (doc. 50082721/05, 18/04/05), - dona María Trinidad Riveiro López Niño (doc. 50082714/05, 18/04/05), don José Luis

Acuña Mosquera (doc. 50082729/05, 18/04/05) en nome propio e como presidente da Comunidade do edificio núm. 20 da rúa Areal, - don Germán Arteta Torres (doc. 50116777/05, 13/05/05), contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de marzo de 2005, polo que se AUTORIZARON obras de adaptación e licenza de actividades e instalacións para un PUB CON MÚSICA (CAFÉ BAR CON MÚSICA SEN PISTA DE BAILE), actividade incluída no núm. identificativo -2.6.4. PUBS do Decreto autonómico 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o C.E.P.A.R. da C.A. de Galicia, no local situado na RUA AREAL, 20, BAIXO, VIGO, (exptes. núms. 49483/421, 27190/422), polos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva desta resolución ao non desvirtuarse os que motivaron a concesión das licenzas outorgadas.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados informándolles que contra esta poderán interpoñer recurso CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.-

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCORPORASE NOVAMENTE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. FIGUEROA VILA.

### **26(1176).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DA NOVA REDE DE ABASTECIMENTO DAS RÚAS DE SAN PAIO DE NAVIA E FONTÁNS EXPTE.46193/250**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 14.09.05, conforme o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

*Aqualia, empresa concesionaria da gestión dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, remite o presente proxecto que contempla a substitución das actuais tuberías de abastecemento de auga por unhas novas de fundición, nas rúas S. Pelayo de Navia e Fontáns.*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a execución da solución adoptada.*

*O presuposto base de licitación das obras I.V.E. excluído ascende á cantidade de: 312.793,22 €. TRESCENTOS DOCE MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON VINTEDOUS CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde dacordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.*

*Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:*

*Aprobar técnicamente o proxecto " INSTALACIÓN DE NOVA REDE DE ABASTECIMENTO DAS RÚAS SAN PELAYO DE NAVIA E -FONTÁNS" cun presuposto base de licitación I.V.E. excluído de 312.793,22 €. TRESCENTOS DOCE MIL SETECENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON VINTE DOUS CÉNTIMOS.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **27(1177).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E O CONCELLO DE VIGO PARA A INSTALACIÓN DE RADARES FIXOS. EXPTE. 71455/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral do 16.09.05 e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade e Seguridade, do 15.09.05, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e o Concello de Vigo, que consta no expediente, que ten por obxecto a instalación de cinemómetros fixos nas vías urbanas da cidade de Vigo: Avda. de Samil, avda. Europa, túnel Beiramar e túneal da AP-9 (salida acceso ao porto), condicionado, polo que ás estipulacións de carácter económico se refire, á aprobación definitiva da modificación orzamentaria aprobada polo Concello Pleno realizada o día 12 de setembro do ano que andamos.

#### **28(1178).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO INTERINOS DE TRES OPERARIOS-PEÓNS. EXPTE. 15994/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 19.09.05 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 16.09.05, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar urxencia para proceder á cobertura de tres prazas de Operario peón, contrato laboral por interinaxe, vacantes no vixente Cadro de Persoal Municipal e Relación de Postos de Traballo.

2º.- Contratar baixo a modalidade laboral de contrato de interinaxe, con cargo a prazas vacantes de Operarios-peóns , á D. Severino José Fernandez Alberte, NIF 36.059.452-Y, D- Antonio González Vaz, NIF 36.078.477-X e D. Lino Fernández Paz, NIF 36.101.212-K, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da fase de oposición na última convocatoria para a provisión dunha praza de operario-peón, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, de 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración pública da Xunta de Galicia, en concordancia co disposto no art. 3.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

3º.- Ós interesados formalizaráselle contrato laboral-temporal de interinaxe, ó aveiro do disposto nos artigos 15.1.c) e do 14 do Estatuto dos Traballadores, RD 2546/94, RD 2720/98, RDL 11/98 e Lei 50/98.

Os aspirantes nomeados deberán subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinaxe no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente resolución.

4º.- A extinción do vínculo laboral con ésta Administración e o conseguinte remate do contrato de interinaxe producirase automaticamente no momento no que se cubran definitivamente as prazas de operario peon incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2005, publicada no BOE de 15 de setembro do presente ano, previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque.

## **29(1179).- PROXECTO DE REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DO PROGRESO.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral, do 16.09.05, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

*As dificultades xurdidas na xestión do Mercado de O Progreso fan necesaria a aprobación de un Regulamento específico que regule as relacións entre o concesionario e os titulares dos postos para o citado mercado.*

*Neste sentido, debe poñerse de manifesto que existiu unha notable polémica derivada da xestión do Mercado de O Progreso por parte da entidade concesionaria. Así, o Acordo do Pleno de este Concello de 31 de agosto de 1994, polo que se outorgou a concesión do Mercado de O Progreso á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado de O Progreso, foi recorrido a través da interposición de recurso contencioso-*



administrativo por parte da Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado de O Progreso, dictándose sentenza polo Tribunal Supremo con data 17 de maio de 2002, pola que se estimou o citado recurso declarando o citado acordo plenario nulo e adjudicando a concesión á asociación recorrente.

En execución da referida sentenza, o Pleno deste Concello, en sesión de 31 de marzo de 2003, acordou adjudicar á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado de O Progreso a concesión do referido mercado.

Pola súa parte, os integrantes da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado de O Progreso, mediante acta notarial de 9 de agosto de 2002, comunicaron á Presidenta da asociación concesionaria a súa solicitude expresa de alta como membros da mesma, sen que se accedese as súas pretensións a este respecto. Por elo, interpúxose a correspondente demanda ante os xulgados correspondentes ó orde xurisdiccional civil.

Como consecuencia da tramitación de tales procedementos xudiciais, se dictaron resolucións xudiciais que clarifican o ámbito de relacións entre o concesionario e os titulares dos postos. En concreto, diversos autos dos Xulgados de 1ª Instancia de Vigo declararon a incompetencia dos mesmos para coñecer das pretensións de pago de cantidades adeudadas ou desahucio dos titulares dos postos, a favor da vía administrativa ante este Concello.

Así, o Auto de 14 de decembro de 2004, do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Vigo, sinala que “siendo el contrato de cesión suscrito entre el Ayuntamiento de Vigo y la Asociación demandante, de naturaleza administrativa, esta misma naturaleza se extiende a los contratos suscritos por dicha Asociación con los diferentes arrendatarios de puestos en el Mercado del que la Asociación es concesionaria, a pesar de que en el contrato de arrendamiento concreto no intervenga como parte la Administración local, puesto que alcanza a dichos contratos la finalidad de prestar un servicio público demandado por el interés general, competencia del Ayuntamiento que otorgó la concesión a la Administración hoy demandante”.

No mesmo sentido pronunciouse o Auto de 28 de febreiro de 2005, do Xulgado de 1ª Instancia nº 6 de Vigo, que expón que “el carácter público de la Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo se deduce de la condición de la misma de concesionaria, adquirida en virtud de un acuerdo plenario del Concello de Vigo de 31 de marzo de 2003, habiendo afirmado el Tribunal Supremo (Sentencia de 8 de abril de 1987) que «en cuanto al local en sí, la relación jurídica en la que éste se encuentra es siempre de índole administrativa, entendiéndose virtualmente presenten ella a la Administración Pública, pues los particulares que adquieren la condición de concesionarios actúan como verdaderos delegados de la Administración y ello aunque el contrato entre ambos fuera anterior a la adquisición del mercado por el Ayuntamiento, pues desde que ésta se produjo el bien se convirtió en demanial y el adjudicatario del puesto en concesionario”.

Por outra parte, e en relación co dereito dos titulares dos postos a pertencer á Asociación concesionaria, a Sentencia de 20 de xuño de 2005, do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Vigo, expón que “es obvio que los hoy demandantes cumplen sobradamente los requisitos necesarios para ser admitidos como socios en la Asociación demandada, sin que, por otra parte de ésta, se haya dado respuesta a las solicitudes que por aquellos se formularon mediante acta notarial y demanda de conciliación, sin que sea obstáculo a tal efecto el hecho de que sean miembros de la asociación en que se integraron inicialmente, pues tal circunstancia no está prevista como motivo de inadmisión en los estatutos de la Asociación demandada, procediendo, por tanto, a la estimación de la demanda”.

En consecuencia, e á vista da interpretación que conferiron as citadas resolucións xudiciais ás relacións entre o concesionario e os titulares dos postos, faise necesario elaborar un regulamento específico para o Mercado de O Progreso.

O Regulamento remítese ó Regulamento Xeral de Mercados se ben incorpora normas encamiñadas a facilitar a solución dos problemas anteriormente relatados, recollendo as propostas formuladas nas diversas

*reunións mantidas tanto coa entidade concesionaria como cos titulares dos postos. En concreto, a imposibilidade da concesionaria de utilizar a vía xudicial civil para reclamar as cotas non abonadas polos usuarios dos postos, de conformidade co disposto polos autos referidos, implica a necesidade de recoñecer a posibilidade de utilizar os medios de autotutela executiva por parte do Concello de Vigo, para asegurar o pago de tales cotas.*

*Pola súa parte, a falta de participación dos titulares dos postos do Mercado na asociación concesionaria, provocou tensións na xestión dos mesmos, causando diversas continxencias á prestación do servizo público que prestan os mercados municipais.*

*A este respecto, cabe lembrar que a vontade municipal cando cambiou a forma de xestión dos mercados foi a de fomentar o asociacionismo entre os titulares de postos do mercado e a de facilitar a xestión dos mercados, por parte de estes. En congruencia con tales obxectivos no presente Regulamento establécese que a entidade concesionaria, cando sexa unha asociación, deba admitir no seu seo ós titulares de postos cando así o soliciten, así como o dereito dos titulares dos respectivos postos a formar parte da asociación concesionaria.*

*Por último, establécense unhas disposicións transitorias ó obxecto de conseguir a regularización da situación actual de acordo coa presente normativa nun prazo de tempo determinado, en beneficio do servizo público municipal de mercados de Vigo.*

*Con base no exposto e vistos os artigos, 4.1.a, 49, 70, 122 e 127 da Lei de bases de réxime local, e o Regulamento Xeral de Mercados, proponse:*

*Aprobar inicialmente o Regulamento do Mercado do Progreso e expoñelo ó público de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local, cuxo texto se inserta a continuación.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local, visto o precedente informe, previo á aprobación inicial polo Pleno da Corporación, acorda:

Aprobar o proxecto de Regulamento do Mercado do Progreso, que de seguido se transcribe:

### ARTICULADO

#### *Art. 1 Ámbito de aplicación*

*O presente Regulamento será de aplicación no Mercado Municipal de O Progreso e ten como finalidade regular as peculiaridades do mesmo.*

*Para todo o non disposto neste regulamento estarase ó establecido no Regulamento Municipal dos Mercados Municipais de Vigo.*

#### *Art. 2 Dereitos dos titulares dos postos.*

*Ademais dos establecidos no Regulamento xeral de Mercados, no suposto de que a concesionaria do Mercado sexa unha asociación, os titulares de postos de venda que funcionen de maneira efectiva no Mercado de O Progreso, terán dereito a formar parte da indicada asociación.*

*Art. 3 Deberes da Concesionaria*

*Ademais dos establecidos no Regulamento xeral de Mercados, no suposto de que a concesionaria do Mercado sexa unha asociación, esta virá obrigada a admitir como membros da mesma, a aqueles titulares de postos de venda que funcionen de maneira efectiva no Mercado de O Progreso, que así o soliciten.*

*O contravimento deste deber considerase unha infracción moi grave.*

*Art. 4 Dévedas dos titulares de postos fronte á entidade concesionaria*

*As dévedas adquiridas polos titulares-usuários dos postos de venda fronte á asociación concesionaria, resultarán exhibeis por vía executiva de apremio por parte do Concello de Vigo.*

**DISPOSICIÓN TRANSITÓRIAS**

*Disposición Transitória Primeira*

*A asociación concesionaria do Mercado de O Progreso deberá adaptar os seus estatutos, e a efectiva xestión dos respectivos prazos, ó disposto neste regulamento no prazo dun mes desde a entrada en vigor do mesmo.*

*Disposición Transitória Segunda*

*O contravimento da obriga de adaptación dos estatutos referidas na Disposición Transitória Primeira, consideraráse como unha infracción moi grave.*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*O presente regulamento entrará en vigor de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei de Bases do Rexime Local.*

**30(1180).- Rogos e preguntas.**

Non houbo intervencións neste punto

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.